



**ALQUILA PISO  
EN ESTE EDIFICIO  
67€ 898**

# Queremos unha cidade igualitaria, transparente e sustentable

Entrevista a Alfonso Mascuñana, da Marea Atlántica

# A foto que fala

Todo un símbolo: unha muller siria despréndese da roupa escura, logo de fuxir da zona ocupada polo Estado Islámico.



© Shervan Derwish/Jack Shahine

## O trasno Como quen non ten nada que perder

Daniel López Muñoz



Agora que entramos nunha nova fase, nunha nova oportunidade para as forzas que representan e queren construír uns concellos e un país máis igual, máis decente, máis reconciliado consigo mesmo... é tempo de mirar algo atrás e ver que erros se cometeron en oportunidades semellantes e que cousas non se deberían repetir. Unha delas é desbotar a tentación de “querer ser coma eles”. Calquera diría de principio que iso é facilísimo. Vaites. Non tal. Parece. Porque a clave non son as proclamacións nin os fulares cos que se arriba á moqueta. Aínda recordamos moitas veces aquelas chegadas de certos mandatarios bi-

partitos a unha localidade en comitivas de cinco coches oficiais, con aqueles xefes de gabinetes recomen-

dando pechar as portas con estrondo, para que se notase o ruído e o estrambote. Para impresionar e demostrar. Outra é gobernar con “paranoia cero”. Facer, vendo en cada cidadán un amigo, unha aliada, mesmo se “sabemos que non son dos nosos”, porque o que imaxinamos constrúe o noso comportamento,... e cambia ao outro. E a lealdade e o agradecemento comezan coa fiúza, non coa desconfianza nin o desprezo.

Tamén é de moita lembranza aquel tremendo: “quero unha portada de prensa cada día”, co que os “novos gobernantes” querían demostrar que a tiñan máis grande ca os anteriores e

ca os seus socios de goberno. E pensaban que a xente no se decataba do complexo.

E non deberíamos esquecer aquela síndrome da “inmunidade do redentor”. Consiste basicamente en instalarse na idea de que “comigo cambiou a historia” e, ademais, ese cambio “depende de que eu estea ao mando”. Polo tanto, podo permitirme cousas que os outros “tamén facían” porque no meu caso “si están xustificadas e perdoadas”, porque a redención do meu pobo ben desculpa usos e abusos dunha legalidade pensada para “limitar os excesos dos demais” pero non “dos de quen responden diante da Historia”.

E unha conclusión en positivo. A cousa sería gobernar como se non nos importase deixalo. Con liberdade de espírito. Lixeiras, frescos, sen pegamento no cu, dispensando. A guerra vai ser sucia, pero pode librarse desde a estratexia do desconcerto: non baixando ao nivel moral da probable insidia, senón poñendo un *caravel vermello no fusil do militar*.

A posta en marcha da proba de avaliación individualizada para o alumnado de 3º de Educación Primaria en Galicia volveu pór en pé case unanimemente á comunidade educativa (sindicatos de profesorado e de alumnado, federacións de anpas, federacións de equipos directivos) fronte a Consellería de Educación. A decisión de impor esta reválida para os cativos/as de 8 anos é unha proba máis da porfía da Xunta en se converter en adaíl dunha lei educativa, a LOMCE, que outras comunidades autónomas non están a desenvolver e que o resto de forzas do arco parlamentario do Estado xa anunciaron que ían derrogar se accedían ao goberno. O propio Consello Escolar de Galicia solicitou a retirada dos novos currículos da ESO e Bacharelato adaptados á nova lei, mais o goberno de Feijóo, impondo a súa maioría absoluta no Hórreo, fai oídos xordos e acusa de intolerantes a todos quen cuestionan calquera das súas políticas.

A recente aprobación de dúas ordes onde se regulan as axudas para a compra de libros para o sistema educativo non universitario e a creación dun “fondo solidario” de libros xestionados polos

### A Xunta tivo ofrece como únicos principios a nula xestión e o recorte do gasto educativo

centros educativos reafirma a falta de xestión por parte da Consellería e a improvisación de medidas que se publican no DOG sen consultar nin as direccións dos centros nin á propia inspección educativa. Esta normativa, que na práctica vai deixar sen axudas económicas para a compra de libros a moitas familias con dificultades económicas, ao mesmo que tempo que consolida bancos de libros con materiais que non se adaptan aos currículos da LOMCE, é a constatación dos principios destes 6 anos de goberno: obsesiva eliminación de todo o que significase bipartito, nula xestión e o criterio de recorte do gasto público como único referente. A política de “gratuidade solidaria”, ese eufemismo inventado na primeira lexislatura de Feijóo, promovida para suprimir as políticas do bipartito, resultou máis cara e insostible, e este nova reforma non vén máis que confirmalo. A solución, agora, non supón o recoñecemento do erro, senón a exclusión de parte do alumnado das axudas económicas. Porque o fin é que cadren as contas, na liña da austeridade. Pero como ben insistiu o Valedor do Pobo no que refire á sanidade, cómpre lembrarlle ao noso goberno que a austeridade non é un principio constitucional. Mais si o é unha educación pública e gratuíta. E poderíamos engadir de calidade, mais este é outro debate.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

O outro día nunha conversa lembramos os detalles sexistas da educación que viviamos. Eu lembraba o moito que meu pai protestaba porque, sendo eu un párvulo, ensináronme algúns rudimentos de costura. Sen dúbida, os tempos cambian.

No colexio da miña filla, que ten máis ou menos os mesmos anos que tiña eu daquela, levan todo o trimestre facendo un proxecto de cociña. Están nel tanto nenos coma nenas e, loxicamente non protesta ningún pai ou nai por que o seu neno varón estea facendo cousas de cociña.

Para estes días pasados pedíronnos que fixésemos unha receita na casa con ela. Pasei unha mañá moi divertida facendo unha empanada con ela.

A receita da empanada é da miña nai, que á súa vez a recibira da súa nai. Moito gozou a miña nena metendo as mans na masa e facendo “churriños” para poñer o seu nome na empanada.

Conservar a tradición culinaria está ben. Sigamos coas receitas de toda a vida e pasando un bo pouco coa boa mesa tradicional. Pero hai tradicións e tradicións. Se por tradicións entendemos aquilo que é discriminatorio para a muller, non debemos anotarnos.

Agora coa nosa empanada imos á praia. Que aproveite, na memoria daquelas mulleres que foron pasando as receitas de empanada e daqueles homes que rachan co estereotipo de que a cociña é lugar de mulleres.



1



3



2



4



## A peneira

1

Cando as funcións e os espectadores de teatro se reduciron á metade, o grupo **SARELA** da Asociación de Dano Cerebral de Compostela representa, o 19, *En Sarela non hai quen viva!!*, no Auditorio de Galicia. O retrato da convivencia nun piso de estudantes que se converte nunha trama de misterio na que participan as persoas usuarias do centro, profesionais, voluntarios, parentes.

2

Exportamos o 30% da produción **ELECTRICA**. A principal consumidora é Alcoa de San Cibrao, tanto coma todo o eido de servizos de Galiza incluídos os alumeados públicos. Non se entende que a paguemos igual, nós ao pé da súa xeración, que alí onde a transportan, que non pagan este custo, a pesar de que danan a nosa paisaxe e contaminan a saúde.


3

O 26 é o Día da Loita contra o Uso Indevido e Tráfico Ilícito de Drogas. O **ALCOHOL** é a máis prexudicial nas familias, incidindo no 80% das mortes de adultos, como veñen de denunciar na xuntanza de asociacións contra o alcoholismo nas Pontes, na foto. Cómpre regular o uso da marihuana a nivel mundial para evitar males maiores como fixeron en Uruguai e varios estados de EUA


4

O **"PAN DE SAN ANTONIO"** da comunidade de San Antonio de Lugo fornece de alimentos a necesitados. Algúns voluntarios sementaron patacas nunha finca doada á parroquia das que recolleron 10 toneladas, na foto, que partillaron, demostrando a alta capacidade produtiva da agricultura campesiña e ecolóxica, superior á industrial. Mentres Cáritas de San Antonio de Monforte conta con 146 voluntari@s.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Agasallamos con esta herba de **SAN XOÁN**, pero todas arrequecen, canto máis olorosas máis feiteiras. No solsticio de verán as plantas medicinais están no seu clímax terapéutico, o que convida a coñecelas e valoralas. Co recendo da auga de rosas desta mañanciña imos sentir o pulo da Terra Nai que nos acubilla e nos axeita aos biorritmos das estacións.

6

Na foto, **LUCIA CARAM** do convento dominico de Manresa, que coma o seu paisano o Papa Francisco, non recorta a carga profética do Evanxeo e arremete contra os poderes que están a aniquilar os máis pobres. En Madrid acúsana de catalanista porque traballa cos pés no chan. Faino contra as concertinas, esas murallas afiadas que acoitelan aos inmigrantes.

7

Endexamais vai haber xustiza se non se busca a verdade; por iso cómpre esforzarse facendo **MEMORIA**. Por exemplo o 25, no aniversario da República Galega (Ourense 25-VI-1931). Un servizo aos pobos que reborda xenerosidade, coma o libro de Anxo Ferreiro Currás: *Consejos de guerra contra el clero vasco (1936-1944). La Iglesia Vasca vencida*, que se presenta o 16 (ás 20:30) na librería Andel de Vigo.

8

O 31 cumpriuse a teima da Asociación de Veciños de Palomeras-Madrid de crearen un espazo de memoria que siga abrollando sinais da xustiza e igualdade polos que segue a loitar o espírito inmorrente de **XULIO LOIS**. Alongan deste xeito a súa loita, ao pé da parroquia de Santo Tomás de Villanueva, cos que traballara dende 1981 e onde fundara a Escola de Formación Social e Política.

✿ 27891 CERVO (Lugo)  
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04  
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

✿ O CASTRO DE SAMOEDO  
15168 Sada (A Coruña)  
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00  
Fax: 981 - 62 38 04  
e-mail: ocastro@sargadelos.com

✿ Rúa Nova, 16  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88  
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

✿ Real, 56  
15003 A CORUÑA  
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04  
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

✿ Provença, 274 - 276  
08008 BARCELONA  
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79  
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

✿ Conde Aranda, 2  
28001 MADRID  
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30  
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS  
SARGADELOS

✿ Habana, 12  
32003 OURENSE  
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

✿ Rubalcava, 30 - 32  
15402 FERROL  
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16  
e-mail: ferrol@sargadelos.com

✿ Pza. Sto. Domingo  
27001 LUGO  
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13  
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

✿ Urzáiz, 17  
36201 VIGO  
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74  
e-mail: info@galeriasargadelos.com

✿ Oliva, 24  
36001 PONTEVEDRA  
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

✿ Pza. de España, 2  
27400 MONFORTE DE LEMOS  
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33  
curgal@curgal.com

✿ Conde de Fenosa, 38  
32300 O BARCO DE VALDEORRAS  
Teléf.: 988 - 32 05 86

✿ Rúa Castelao, 52  
36980 O GROVE  
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34  
espiroide@yahoo.com

✿ Calvo Sotelo, 8  
36680 A ESTRADA  
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94  
sargadelos@astrada.com

# Política A bolardización social

Pedro Pedrouzo Devesa



Os alcaldes son os políticos que mellor se adaptan ao cidadán. Son o auténtico termómetro da nosa saúde democrática. Moitos chámanos populistas, pero realmente son talentos en estado puro. Son a evolución do noso entrañable cacique, pero urbanizado, adaptado ao mundo moderno. Saben que necesitamos, e non teñen problema en ofrecérnolo. Queremos alcaldes desexosos de concedernos todo canto lles pidamos. E ao mesmo tempo odian enfadarnos. Que necesidade hai? Un bo alcalde sabe o que queren os seus veciños, e polo tanto, tamén o que os enfada.

Esta é a razón que parece explicar a proliferación do bolardo, auténtico armatoste urbana que foi creado, non pensado, para tronzar xeonllos, nocellos e chasis de canto coche ameace o seu espazo vital, se se pode dicir que vive.

É curioso, porque seica o bolardo naceu para defender o peón cando comezou esa *absurda moda* de prohibir aparcas os coches nas beiras das rúas, un dereito que debera figurar no capítulo I da Constitución e que, porén, queren limitar alegando que molesta os peóns ou mesmo os pode pór en perigo.

Se non existise o bolardo, a policía local ou os axentes de mobilidade terían que patrullar de seguido polas rúas das nosas cidades sancionando a todos aqueles coches que deciden que tres minutíños enriba dunha beira non poden amolar máis que a xente moi repugnante. Que tres minutos por mil coches sexan tres mil minutos non é razón para poñerse tan rufos coas normas. O feito de que o faga un, non quere dicir que o teñan que facer o resto dos condutores, non é? De paso, que haxa xente que consegue que desaparezan as súas multas axuda a *mellorar o humor* daqueles que carecen desa capacidade de conseguir favores.

Así que a alternativa era, ou permitir aparcas *eses tres minutíños* nas beiras das rúas, ou crear un tremendo malestar entre a poboación multada por facer *algo que non é tan grave*, aínda que estea prohibido.

E aí apareceu o bolardo salvador que consegue a paz social. Ao ser incapaces de entender que non se pode aparcas nunha beira, non nos queda máis remedio que espetar centos de bolardos polas beiras das nosas cidades, moitas tan estreitas coma é o bolardo de seu.

Hai dúas formas de facer cumprir as normas, a primeira desincentivando a mala práctica mediante sanción; a segunda, imposibilitándoa. Optar pola segunda xeralmente acarrea incomodidades, á parte dun gasto público innecesario.

Nada é de balde. Preferir bolardos a multas posiblemente contente a todos aqueles para os que a única forma de non aparcas nas beiras é sementalas duns bolardos que os libran da multa á que estarían abocados, xa que o corpo lles pide aparcas o coche enriba de toda canta beira non teña bolardo. Seica así tamén fomentamos o comercio local.

Mágoa que os condutores montabeiras non cambien de afección. Teríamos unhas beiras máis anchas, menos lesións e mesmo ata o comercio igual se reactivaba porque a xente lle gusta ir de compras andando, teño entendido.

Os alcaldes non fan máis que adaptarse á selva urbana que lles tocou vivir. No fondo son uns superviventes da bolardización social, fenómeno que tenta explicar as molestias e os cartos que nos custa o feito de que algúns non queiran asumir de forma voluntaria normas de obrigado cumprimento.



# O peto común

Teresa Souto

Hai uns días escoitamos un relator que nos falou do valor educativo do humor. Que tema tan interesante; a importancia que ten o humor positivo, ese que se comparte, que é creativo, para tratar coas persoas, para lograr unha comunicación máis eficaz e sincera, para unha aproximación, unha achegamento. O relator comentábanos que consultara un grupo de expertos, nenos e nenas de entre 6 e 7 anos, e entre as respostas había a dunha cativa de 6 anos que dixo que o humor é a esencia de ser. Igual non sabía que significaba a frase, pero seguramente para ela o humor sexa iso, algo moi importante na súa vida. Pode ser que todas as persoas necesitemos esa dose de humor para afrontar mellor os problemas e obstáculos.

E outra cousa, unida a ese bo humor, a esa positividade, é a ilusión. Hai unas semanas, miles de persoas que viven en Galicia foron examinarse das probas de competencias clave, coa ilusión de avanzar, de mellorar, de acadar novas oportunidades para a súa formación ocupacional e poder camiñar cara a unha inserción socio-laboral. Na espera atopei unha compañeira de Irimia. Que bo atoparse noutro contexto diferente! Ela tamén ía acompañando un grupo de persoas que durante meses estiveron esforzándose duramente para examinarse. Persoas que, moitas delas, levaban máis de vinte anos sen poñerse a estudar, pero a motivación e a ilusión pode con todo. O primeiro paso do proceso foi esa motivación tan importante, e os seguintes pasos foron vindo sós: clases, esforzo, medos, temores e, de novo, doses de motivación. E todo este conxunto dou bos resultados, o gran orgullo que sentiron de si mesmos/as ao veren que aprobaran as probas. E se alguén non aprobou, que saiba que o esforzo é aprendizaxe, xa está aí, só hai que darlle un empurrón máis de repaso para o ano.



## O CARRABOXO *por ROBE LOIS*



# Entrevista

Redacción



Alfonso Mascuñana coa súa compañeira Victoria

*Despois das recentes eleccións locais e en plena fervenza de pactos e declaracións cruzadas nos medios, convidamos a conversar con nós, de vagariño, a Alfonso Mascuñana, irimego de sempre, un dos impulsores desde o seu comezo da Marea Atlántica, a plataforma de unidade que, contra todo prognóstico, obtivo uns resultados que permiten, para comezar, un cambio de goberno municipal na Coruña. E, se cadra, de paso, algunha cousa máis.*

**Houbo sorpresa, pois vós mesmos non agardabades estes resultados, por moito que a marea fose forte e ilusionante...**

Sorpresa, non sei, para min que non é a palabra máis acaída ao respecto do que pasou. Vaíamos por partes.

Na xente da Marea. Se pensamos no número de votos e concelleiras obtidas, é certo que nin sequera as previsións máis optimistas contaban con dez. Pero “sorpresa” non é o término que nos provocou o resultado, porque a marea tiña dez meses de vida pública (dende o 21 de xullo do 2014) e máis de quince meses de debates e reflexións; primeiro sobre a necesidade de unión e converxencia e, unha vez que se decidiu participar nas urnas, sobre aprender doutros grupos que tamén estaban activos, e que dalgún xeito tiñan a súa orixe no 15M, formas de participación, concre-

consiga sumar forzas de cara as eleccións municipais do ano vindeiro. Necesitamos un espazo de confluencia onde caibamos todos e todas arredor dun desexo común... propoñemos un novo xeito de organizar a vida en común, honesto e transparente, baixo o control da cidadanía...” Foi a expresión do ADN da Marea..

Logo viñeron meses de moito traballo e debate; de artellar o funcionamento: grupos temáticos e mareas barriais, o pulmón da Marea. Íamos acadando un tesouro de coñecemento e praxe. Chegou o momento, entre finais e primeiros de ano, das “Mareas vivas”: dúas fins de semana dun espazo de participación onde saíron tres documentos fundamentais: “Radicalidade Democrática”, “Código Ético” e “Forma de goberno”.

Despois viñeron momentos difíciles; momentos de diálogo entre organizacións partidarias e persoas non adscritas; momentos de moitas renuncias individuais e de conformar candidaturas para as primarias. Despois a escolla dun cabeza de lista e do resto da candidatura segundo un sistema de votación ponderado.

Un par de meses antes das eleccións moitas persoas da Marea sentiámonos alegres, satisfeitas e coa sensación dun traballo feito fose o que fose o resultado electoral. É máis: callaba a idea de que o concello era un medio e unha etapa, máis que un fin en si mesmo.

**E daquela entrastes en campaña....**

A campaña electoral supuxo a posta en escena dun inmenso traballo co-

é certo que nin sequera as previsións máis optimistas contaban con dez

tar espazos de democracia, de escolta activa e de prácticas baseadas na confianza cun modo de organización transparente e horizontal.

Arrancouse cun manifesto asinado por noventa e nove persoas (o símbolo do 99%) co obxectivo de chegar a dúas mil cincocentas como condición para seguir adiante no proceso de ir as eleccións: “Pensamos que é o momento de abrir un proceso que

lectivo no que se sumou máis xente. En total unhas duascenas persoas con espírito de equipo, con intelixencia, profesionalidade e traballo. Moita rúa. Fomos percibindo o retorno dun incremento no coñecemento que a xente tiña da Marea e unha sintonía con moitas persoas que nos vía como algo “verdadeiro”, sinxelo, transparente: como anel ao dedo. O último día fixemos unha ruta pola cidade, duns dez kilómetros e dez etapas; una especie de marcha zapatista que comezou en Monte Alto e rematou na ribeira do Cómara onde comezamos dez meses atrás. Nela palpouse un entusiasmo popular grande.

Por iso, quizais foi unha sorpresa estatística para moita xente, por exemplo para xente do Partido Popular que no reconto das mesas electoras non daba crédito; non tanto para xente do PSOE e do BNG. Para a Marea certamente desbordou as previsións, pero formaba parte dunha consideración serea e sólida do construído: lelicia e satisfacción, máis que sorpresa.

**Que pensades que agarda a xente: medidas espectaculares, novidosas ou máis ben un xestionar os cartos públicos con máis rigor, transparencia e priorizando a vida da xente sobre o ladrillazo monumental? Quizais as dúas cousas?**

A Marea Atlántica ten un proxecto para a cidade da Coruña; queremos unha cidade que sexa **democrática, igualitaria, transparente e sustentable**. O proxecto que temos débuxase nos barrios, nas Mareas, débuxase en cada recuncho desta cidade. Penso que a xente agarda e ten ganas dun xeito de facer concello baseado nestes criterios-guia.

Naturalmente que os criterios convértense en obxectivos e plásmanse en medidas concretas e realizables. Xa comezamos a facelas públicas aló por marzo. E estes días, van estando de actualidade. Propuxemos 25 me-



O agora alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, reparte o xornal gratuito da Marea durante a campaña electoral

didadas que aplicaríamos nos primeiros cen días de goberno municipal. En canto á *Transparencia*, por exemplo, estamos a falar dunha auditoría e posterior re-negociación da débeda municipal, dunha transparencia total e publicidade dos expedientes de contratos e subvencións, dunha auditoría e fiscalización das concesións municipais, das transferencias á autoridade portuaria, da revisión dos Convenios de financiamento das obras das Mariña-Parrote.

## propuxemos 25 medidas para aplicar nos primeiros cen días de goberno

En canto a *Democracia*, por exemplo, estamos na activación do Consello Social Municipal, como órgano fundamental de participación cidadá, na apertura da quenda de rogos e preguntas nos plenos, da descentralización da xestión municipal a través das Xuntas de Barrios/Distritos.

En canto á *Igualdade*, estase a facer xa nestes días o deseño do equipo de goberno e de cargos que no seu conxunto supoña unha redución do 50% do total orzamentado, publicación na

web de bens, intereses, patrimonio e IRPF dos cargos, cancelación de saldos de contas municipais en entidades que executen desafuzamentos, establecemento dunha Renda Social Municipal cun fondo de tres millóns de euros, creación dun observatorio Municipal de Políticas de Igualdade e Violencia de Xénero.

E en canto a *Urbanismo e ordenación territorial*, por exemplo: unha revisión/modificación do planeamento urbanístico municipal con incoación de expediente de revisión do PXOM,

de revisión de oficio dos acordos municipais de alleamento no Plan Parcial de Someso, etc, etc.

En fin, as 25 medidas témolas publicadas na web.

**Como se presenta o entendemento e o pacto a catro anos vista entre forzas diferentes e co PP á espreita do primeiro fallo....?**

A Marea ten 10; o PP 10; o PSOE 6 e o BNG 1. Gobernaremos en solitario. O PSOE xa prometeu o apoio na investidura e penso que o BNG tamén.

# Entrevista

Redacción



Asemblea aberta nos comezos da Marea

A Marea xa nomeou unha comisión de diálogo e negociación que se está a reunir con Grupos estes días. A postura da Marea é de invitar e facilitar a participación dos Grupos no traballo municipal. Dende o comezo da Marea falou co Bloque para a súa participación no proceso. Sumáronse Anova, Esquerda Unida, Equo, Compromiso por Galicia, e Espazo Eco-Socialista. O Bloque escolleu a súa propia an-

que ten para min moito de novidade: unha confianza en persoas novas, e tamén nalgunha non tan nova, dispostas a traballar polo que é común; lixeiras de equipaxe, con poucas cousas na mochila; ben preparadas; con ganas de comunicación e de loitar por un desexo colectivo; con capacidade asemblearia e de horizontalidade. Reafirmeime na convicción de que se non nos unimos somos

## é a primeira corporación na que todos os seus membros utilizan o galego como lingua ordinaria

daina, á que ten dereito. Penso que temos sintonía en moitas cousas e moitas persoas da Marea aprecio pola súa militancia, amizade e unha chea de acción conxunta na rúa.

**Haberá marea galega? É trasladable a experiencia para as eleccións ao Parlamento de Galicia do ano que vén?**

Oxalá. Trasladable, trasladable non o sei. Neste ano e medio coa Marea aprendín un xeito de facer as cousas

cómplices de que a depredación das persoas e do mundo e o aumento das desigualdades siga adiante. Tamén creo que darán os seu froitos experiencias feitas de confluencia de tradicións políticas diferentes. Pola contra creo que algunha xente que leva moito tempo militando en partidos políticos as veces se apegan aos seus principios, ou mesmo aos seu matices, como se de algo relixioso-dogmático se tratara. Tamén creo que o “ego” es-

tivo e está aí. É a cara fea da cuestión, tamén na Política con maiúsculas. Todas teríamos que practicar un pouco máis aquilo de que “sen o eu, non hai problema”, e dar o paso ao “nós” con máis facilidade. En fin, que lindo sería se fósemos quen de albiscar os sinais e loitar polo seu seguimento.

**Xa non nos mirarán raro nos comercios elegantes da Coruña cando pidamos algo en galego?**

Moitas cousas importantes, como a nosa lingua e a nosa cultura, vanse realizando dun xeito novo. Por exemplo: a Marea é a primeira Corporación municipal na que todos os seus membros utilizan como lingua ordinaria de comunicación o galego. Por suposto que se fará cumprir a Lei de Normalización, tamén no referente ao nome das rúas tanto os que están deturpados (nacemos na explanada do “Cómara”; e non na explanada das *Esclavas*, por exemplo), ou a Av. de *Arteijo*; como as que rinden homenaxe ao fascismo (“*Mártires de la División Azul*,” e moitas máis, como ten sinalado a Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica). Poderemos vivir con naturalidade en galego? Pois non o sei; oxalá. Tamén é verdade que hai moita forza e ilusión na Marea para borrar a visión tipificada da Coruña, como cidade-escaparate e máis ben de señoriteo, e, pola contra, recuperar o que verdadeiramente é: cidade de barrios, popular, tolerante, mariñeira, con moito acervo cultural e tradición libertaria.

**Hai que levar un sombreiro panamá caribeño para nadar nesta marea?**

Que queres que che diga... gusto do sombreiro; como gusto de Castelao, Valle-Inclán, ou Sandino.

**Pois iso. Agardamos activamente expectantes....**



Reunión de preparación da Romaxe

Foron pasando os días e xa se vai vendo no horizonte a celebración da XXXVIII Romaxe. Un grupiño de xentes arredor do patriarca Alfonso o de Guitiriz, o de Xermolos e o de feixes de iniciativas culturais, fómonos reunindo nos meses pasados para comezar a escribir as primeiras páxinas da organización desta nova Romaxe. A data xa nos vén dada da nosa propia “tradio”: o segundo sábado de setembro, desta vez o 12 de setembro de 2015. Á data achegámoslle un lu-

toda a cultura de seu e, mesmo porque reconciliada consigo mesma, disposta para contribuír a facer realidade os soños de todos os demais Pobos, e, dende a nosa perspectiva, disposta a facer realidade o soño do Nazareno: pan partido e compartido para todas e todos, teito acolledor para todas e todos, terra para todas e todos, traballo para todas e todos.

E eses grandes soños técese día a día tamén onda nós, e moitas veces nin os coñecemos nin os damos va-

## A Romaxe deste ano ten un lema ben xeitoso: *Desorballando soños*

gar lugar fermosísimo da Terra Cha, Penas de Rodas, cheo de lembranzas e pegadas de grandes poetas, especialmente Manuel María e Díaz Castro.

Á data e ao lugar achegámoslle un lema ben xeitoso: “Desorballando soños”. Si, porque diso se segue tratando: tirar da memoria persoal e colectiva os mellores soños e poñermonos a narralos para que, narrándoos nos veñan forzas e folgos para facelos realidade. Desorballar o soño dunha Galicia reconciliada consigo mesma, coa súa paisaxe, coa súa lingua e con

lorado. Por iso queremos facelos presentes nesta nosa Romaxe:

- O soño desorballado e feito realidade da asociación de mulleres da parroquia de Insua, que recuperaron o liño.
- O soño desorballado e feito realidade da asociación “Penas de Rodas” en Gaioso, que loitan por manter unha parroquia unida e por dar a coñecer á xente nova o grande patrimonio cultural e paisaxístico.
- O soño desorballado e feito realidade de Pepita Lombao, oleira de

Bonxe, a cacharreira que queda na Terra Chá.

Por estes vieiros vai a XXXVIII romaxe. Prometemos seguir traballando e seguir informando.

*En Gaioso, ollando a Chá  
Hai dúas penedas ergueitas.  
¡Semellan non ser verdá  
redondeces tan ben feitas!  
As Penas de Rodas son  
dous ollos alucinados  
Que espían con atención  
Ós eidos máis alonxados.  
Si ambas penas se desfán  
arde, co mundo, un tesouro:  
junha pena é de alquitrán,  
a outra unha trabe de ouro!  
Non sodes, non, cantería,  
ouh penas de encantamento.  
¡Temo que calquera día  
vos poida levar o vento!*

Manuel María, poeta



# Actualidade Concerto vacún e moito máis

*De actualidade e orixinalidade falamos cando falamos dun concerto para as nosas compañeiras as vacas. Pois si: todo un concerto vacún preto de Monterroso. É o Monterrosón 2015. Falamos aquí con Lucía Santiago Díaz, que ademais de ser da directiva de Irimia é unha das organizadoras deste enxeñoso evento*



Contamos con máis de 20 músicos de grupos diferentes, pola mañá e pola tarde

## Qué é iso dun concerto para as vacas?

Non sei se sabedes, pero as vacas de Granxa Maruxa de Monterroso escoitan música clásica nas cortes, así que: por que non darlles un concerto en directo? Por iso o 27 de xuño organizaremos na Granxa Maruxa uns concertos moi especiais aos que estades todos/as invitados/as.

## Cómo nace este concerto?

A partir dunha charla no TEDxGalicia: “Sacar a música das salas de concerto”<sup>1</sup>. Nela remato invitando a xente a un concerto na granxa ... e unha vez que as cousas están ditas hai que facelas!

Así que a través da Fundación Galicia Sustentable, e a súa iniciativa de divulgación musical “ONdehaiMúsica”, decidimos montar “OS NOSOS SONS”: un programa para a divulgación musical que permite que músicos de diferentes estilos poidan ter un videoclip en lugares que non sexan “escenarios ao uso”.

A partir aí tamén imos organizar concertos. Os primeiros terán lugar na Granxa Maruxa o 27 de xuño e chamaranse “MONTERROSÓN 2015”.

## Cóntanos mais detalles do monterrosón.

Pola mañá teremos a primeira parte dos concertos. Ao mediodía, farase

un xantar na propia carballeira da granxa no que cadaquén poderá traer o que máis lle apeteza. Tamén teremos unha barra de bebida e estamos argallando para traer unha polbeira e un posto de hamburguesas.

Á tarde, máis concertos e, no medio deles, sortearemos un conxunto de produtos galegos moi especiais nos

que non faltarán as famosas Maruxas de nata.

## Cómo é iso de recoller a xente en tractor para levalos ata a granxa?

Si (rise). Foi unha idea que se nos ocorreu, para non preocuparse de coller o coche. Eu recordo ir de pequena subida no tractor, encantábame!

A Granxa Maruxa está a tres quilómetros de Monterroso, así que teremos dous puntos de encontro na vila para recoller e deixar ao público. Os que non queiran teremos uns prados enfronte da Granxa para poder aparcar. A recollida irá acompañada de música por suposto!

## Qué tipo de música haberá?

Durante todo o día haberá concertos de diferentes estilos, dende música clásica ata pop, jazz ou tradicional galega. Contamos con mais de 20 músicos de grupos diferentes que se repartirán pola mañá e pola tarde. Comezaremos sobre as doce e calculamos rematar a media tarde.

## Cómo se financia o concerto?

Nós tentamos que os concertos sexan de seu sostibles. Neste caso, para poder acceder ao recinto hai que facer unha doazón de 5 € como símbolo de “entrada”. Con esta “entrada” regálaselle aos participantes unha consumición (auga, refresco ou cervexa). Ademais, imos ter algo de merchandising (camisetas e chapas) e un sorteo dunhas rifas.

Por outro lado, contamos cun grupo de colaboradores e voluntarios que fan un traballo impagable.

## Dixéronnos que a cousa non acaba aí ...

Tivemos a sorte de que estes concertos coinciden coa segunda edición do festival Peneda Rock, na praia fluvial da Peneda. Estamos intentado que unha das “liñas de volta en tractor” chegue ata á propia praia, así os que queden con ganas de máis música poderán enlazar directamente unha festa coa outra.

<sup>1</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=RISkbyWzJbw>

# Entrevista Conversa con Ana Acuña

Josecho de la Torre



Ana Acuña vén de ser recoñecida co premio Premio Antón Losada Diéguez de Investigación e Ensaio

## Que son os madrigaleg@s?

Ese é un termo creado polo xornalista, tamén madrigalego, Borobó para referirse a aqueles que viviron “as etapas máis interesantes das súas vidas na vila osárea” e tamén aos milleiros de galegos que viven, traballan ou folgan “na vila dos Gatos”

## Que labor facían?

○ termo madrigalego foi creado polo xornalista Borobó

Supoño que te refires ao labor común a todos os grupos estudados. Estes, a pesar de viviren nunha situación de subalternidade, son quen de converterse en “xeracións activas”, é dicir, nunhas circunstancias de opresión política e cultural, constrúen unha conciencia lingüística e un discurso literario galego en Madrid grazas ás súas actividades individuais e colectivas (faladoiros, cursos, conferencias, homenaxes, concursos etc).

Ese labor plasmouse en formas de resistencia clara e non moi diferentes ás dos galegos residentes na terra e noutras periferias (cos que mantiñan relación): por unha parte, as estratexias literarias (sobre todo a creación de revistas e coleccións poéticas) e a procura de lugares de sociabilidade propios (contraespazos) nos que reconstruír a identidade galega.


**Ata 54 entrevistas a informantes precisa facer a autora para conformar este libro que percorre 50 anos de madrigaleg@s. Que feitos son dignos de inmortalizar nestes 50 anos en Madrid?**

Creo que todos os feitos dos grupos dos galegos en Madrid, sexan máis ou menos coñecidos, son dignos de inmortalizarse ou xa o están. Podemos lembrar a creación dun partido político nacionalista, a participación nos actos contra o embalse de Castrelo de Miño e no desenvolvemento do asociacionismo nacional popular galego nos anos sesenta e setenta como exemplos. Ao lado desa resistencia primaria e de reivindicación da terra, estaba tamén a reivindicación cultural de Galicia con movementos plásticos, actividades radiofónicas etc.

**Ana Acuña (Marín, 1971) é doutora en Filoloxía Galega e profesora da Universidade de Vigo, é autora de traballos sobre lingua e literatura e recentemente publicou o libro *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950 – 2000)*. Este libro, editado por Xerais, ven de ser recoñecido co Premio Antón Losada Diéguez de Investigación e Ensaio. Esta e outras moitas publicacións de Ana Acuña, céntranse no exilio e na emigración, derivadas da súa etapa en Madrid onde foi secretaria de Madrigal.**

Dado o carácter de *Irimia*, gustaríame citar varias actividades ligadas aos galegos do Club de Amigos da Unesco:

a redacción da “Carta circular ó cardeal, bispos e cregos de Galicia” (reproducida no ano 1967 na valiosa publicación *Cuadernos para el Diálogo*) e outros artigos reivindicativos sobre o idioma, nomeadamente na liturxia (e dos que tamén se fixo eco *Chan*, a revista dos galegos en Madrid)





Portada do número especial da revista *Signo: Semanario nacional de la Juventud Católica de España* dedicado a Galicia

a preparación do número especial da revista *Signo: Semanario nacional de la Juventud Católica de España* dedicado a Galicia e que supuxo a súa desaparición. Para visualizar a importancia deste número que viu a luz en decembro de 1966 citaremos algúns dos colaboradores con ensaios e textos literarios e ilustracións: B. Álvarez, X. Alonso Montero, P. Allegue, J. A. Arjona, Ben-Cho-Shey, Castelao, X. Dans, L. Diéguez, A. Gallego, J. García, X. López Facal, B. Losada, X. L. Méndez Ferrín, Manuel María, A. Míguez, J. Morente, U. Novoneyra, R. Otero Pedrayo, R. Patiño, X. U. Rey, M<sup>a</sup> X. Queizán, X. Rodríguez Baixeras, J. Soto, A. Torres Quei-

ruga, R. de Valenzuela e E. Vidal Abascal.

Celebramos un ano máis as Letras Galegas pero os datos sobre o número de galegofalantes continúan a ser preocupantes. Os departamentos de lingua galega do Sistema Universita-

tario ou non- percibimos que para o noso alumnado o galego xa non é lingua propia e si unha lingua estranxeira. Aínda por enriba, o noso idioma leva asociado a canda si unha serie de prexuízos que non teñen outras linguas e que xa foron abondo estudados por especialistas.

## Os madrigalegos construíron unha conciencia lingüística e un discurso literario galego en Madrid

rio Galego veñen de manifestarse ao respecto. Como ves esta situación?

Coincido coa túa preocupación e coa diagnose feita polas tres universidades galegas, pois hai tempo que os que traballamos no ensino –universi-

Con todo, e malia que cada día máis razóns para o pesimismo, como escribiu H. Barreiro a propósito do futuro da Humanidade, “debemos actuar e decidir como se todo puidese aínda ser salvado”



**Deputación DA CORUÑA**

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / [subscripcións@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcións@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, n° 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

# Boa Nova



## Por que tendes tanto medo?

Hoxe estamos ante un texto moi coñecido, pero quizais difícil de entender para a nosa mentalidade moderna. O relato sitúase no comezo do evanxeo marcando e mostrándonos a debilidade da fe dos discípulos ante a desconcertante actitude de Xesús.

A narración mais aló da súa literalidade ten unha importante función narrativa na trama argumental que o autor está a desenvolver. Por un lado define un cambio de dirección nos destinatarios da predicación de Xesús e por outra enfoca a mirada cara aos sentimentos que este cambio esperta nos compañeiros de Xesús.

O mestre despois dunha gran actividade curativa e de ensinanza, pídelles os seus compañeiros que collan a barca de noite para ir a outra banda do lago. Esta viaxe supoñía tocar terras pagáns e polo tanto contaminadas relixiosamente. A tempestade nocturna expresa figuradamente o ánimo dos discípulos que non entenden moi ben por que o desexo de Xesús de achegarse a unha terra afastada de Deus. Os reproches que lle fan o mestre expresan as súas dúbidas e incertezas.

A resposta de Xesús cuestionando a súa falta de fe, sen dúbida non esta referíndose a que non crean nos seus poderes milagreiros, senón a súa incapacidade para confiar nel e no seu proxecto. Xesús, ao cruzar a terra pagá (como se verá a continuación na curación no endemoniado de Gadara, 5, 1-20) estaba poñendo en cuestión a súa reputación coma profeta e iso comeza a levantar ventos tormentosos ao seu redor e medo no corazón dos discípulos, que dúbidas da súa identidade. Quen será este, que mesmo o vento e o mar o obedecen?

Carme Soto

**DOMINGO 21 DE XUÑO. XII do TEMPO ORDINARIO**

**A PALABRA. Mc 4, 35-40**

E naquel día á caída da noite, díxolles: «Ora, vamos para a banda de alá.» Eles, deixando a xente, levárono no bote onde estaba sentado; e ían seguidos por outras barcas. E formouse tal remuíño de vento que os salseiros caían enriba do bote e enchían de auga. El, entremetres, estaba na popa durmindo sobre un cabezal. Fórono espertar, berrándolle: «Mestre, seica non che importa que afogemos?» Entón el, espertando, increpou ao vento, e díxolle ao mar: «Silencio, e acouga!» O vento amainou, e veu unha gran calma. Despois díxolles: «Por que tendes tanto medo? Seica aínda non tendes fe?»

A PALABRA

Medo. Coma un cativo agarrámonos á nosa nai e ocultámonos do descoñecido detrás da perneira do seu pantalón. Mais xa non somos cativos. E seguimos a ter medo: do descoñecido, do futuro, de defraudar a quen nos quere, de nós mesmos. Temos que madurar e afrontar con humildade quen somos, abandonando toda a falsa imaxe que nos fomos creando. Deixar de actuar e ter a valentía de descubrir quen realmente somos. Xa non somos cativos, mais seguimos a ter medo da escuridade e da soidade. Di San Juan de la Cruz: "Todas as veces que Deus se comunicaba moito, parecía en tebras". Temos medo a adentrámonos neste misterio de Deus. Xa non somos cativos, mais non acadamos a madurez adulta de dicir si nin mantemos o espírito de neno de entrega, con total confianza a Deus. Non debería, mais teño medo do que Deus, o Abba, me repite: "ti es o meu fillo amado" (Mc 1, 11).

J. A. Martínez

O ECO

A CLAVE

# Falando da lingua Hoxe... Toponimia

Lidia e Valentina



Investigando a toponimia

Os topónimos son os nomes dos lugares e a partir deles obtemos moita información sobre a orixe e evolución da nosa lingua. Moitos dos nomes das nosas aldeas, terreos de cultivo, montes teñen máis de dous mil anos. Algúns teñen orixe prerromana (por exemplo, os que conteñen o sufixo –OBRE), unha gran parte proceden do latín e outros conteñen elementos que mostran a pegada dos pobos xermanos que estiveron en Galicia.

Temos topónimos únicos, que aparecen unha soa vez en toda Galicia,

pero a maioría repítense dunha punta a outra do noso país, mesmo algúns se poden atopar en Portugal, en Asturias ou no Bierzo, é dicir, no territorio que un día configurou a Gallaecia romana.

Hoxe pareceunos acaído dedicarlle esta páxina a repasar algún deses topónimos que hai en case todos os concellos de Galicia.

Por exemplo **Outeiro**, pois só como nome de poboación existen en Galicia 580!!! (E logo aínda quedan os outeiros que lle dan nome a leiras e montes). Procede do latín ALTA-

RIUS, derivado de ALTUS ‘alto’, co significado de pequeno monte ou elevación do terreo. Os lugares “outeiros” han estar nun espazo destas características.

Outro topónimo produtivo é **Ermida**. Existen en Galicia 163 aldeas con ese nome. Significou na súa orixe ‘santuario rural’, procede da voz latino-grega EREMITA (por iso non leva H- inicial), co significado de ‘oratorio no ermo’. Daquela, onde existe ese topónimo, se non está agora, debeu haber nun tempo unha ermida dedicada ó culto dalgún santo ou santa.


E quen non coñece un **Vilar**? Segundo o Nomenclátor, hai 134 lugares que teñen ese nome. Procede do latín VILLARE, un derivado de VILLA. Un vilar era, na Idade Media, unha vivenda no campo ou unha explotación agrícola coas súas construcións anexas e as súas terras de cultivo.

Acábasenos o espazo, e aínda nos gustaría falar de “Foxo”, “Pedroso” ou dos topónimos que conteñen a palabra “Suso” ou “Susa”, mesmo “Su”, pero continuamos outro día que xa será de verán!

## O Fachineiro da cultura

### Libros e liberdade

Dígame tres intelectuais de dereitas. Tempo! Tic tac, tic tac... Unha das cousas que parecen distinguir a esquerda da dereita é a sensibilidade cara á cultura, algo que inclúe situar nos postos políticos correspondentes a xente que saiba de que vai o asunto. Un coñecido deste fachineiro, editor el, conta que lle ten proposto proxectos que parecían interesantes a concelleiros/as do ramo e non dicían palabra porque non tiñan nin idea de que lles estaba a falar. Non coñezo ditaduras preocupadas por elevar o nivel educativo dos seus súbditos. O desprezo pola educación



fai do pobo unha masa máis manipulable e conducible ao rego do muíño dos poderosos. Ser conscientes do mundo no que vivimos é o primeiro paso para intentar cambiar as cousas. Porén a distancia entre os libros e nós é un mal crónico. Xabier P. Docampo di que “tan pouco se le que nunca se leu tanto coma agora”. E algúns dos que se len só serven para acender o lume (compróbense as vendas da persoa que lle escribiu o libro a Belén Esteban). Para esa consciencia axuda o libro de Emilio Lledó *Los libros y la libertad*.

A.Q.